

ENTREVISTA

Teresa Moure

Por que elixiu a figura de Descartes como eixe que relaciona a Einés, Hélène e Christina, as tres “princesas” de Herba Moura?

-Eu quería escribir unha novela sobre unha muller que inventase algo, e á cal, como as mulleres non pasaron á historia polos inventos, llo arrebatase un amante ou quedase simplemente agochado. Pensei que a época idónea para situar a acción sería o século XVII. E nesa época hai un filósofo, Descartes, que está establecendo que é o racionalismo, e cales son os saberes que van entrar como válidos academicamente, e cales non. É un filósofo moi considerado polo pensamento feminista como o culpable da situación subordinada da muller. Entón mirei que vida tivera e encontrei un filón: atopei que este home tivera unha filla sen estar casado e que non chegara a recoñecela, para non estragar a carreira. E tivoa cunha criada que debía ser unha muller inusual, porque se carteu con el durante cinco anos. Isto era rarísimo, porque unha criada do século XVII non sabe escribir. Nesa época, as mulleres ben asentadas socialmente, ás veces saben asinar. Así que me colocaba na situación idónea. E aínda por riba, Descartes morreu en Estocolmo, invitado pola raíña Christina, unha muller que non quería ter fillos e asegurar o trono; que non quería que ningún home estivese ao lado dela, pero que tiña moitos amantes, homes e mulleres. Así que estaba moi ben inventar unha historia ficticia, a vida íntima deste home e como estaría sacudido por esas mulleres.

- As protagonistas da novela aman e senten sen complexos, ao contrario que as personaxes masculinas. Temos as mulleres unha forma distinta de ver o mundo?

-Supoño que si, claro. A diferenza biolóxica dos sexos é construída socialmente, e constrúen-se as mulleres para que fagan unhas tarefas, pero tamén para que sintan ou sexan dunha forma determinada. A muller, tradicionalmente, é a que podía chorar, a que pode expresar os seus sentimentos. Iso quere dicir que, para ser tan boas como o varón e para integrarnos igual de ben no rendemento social, as mulleres temos que reprimir unha gran parte de cousas que tamén somos. Coido que hai un corsé posto polo pensamento dominante, un pensamento machista que oprime tanto a homes como a mulleres, e os uns e as outras somos cómplices en mantelo.

- Unha das cousas das que máis disfrutei coa novela son esas partes nas que Hélène escribe os seus saberes de meiga, con tanta receita sandadora, e tanta herba medicinal... Era un tema que xa lle interesaba?

-Investigueino a fondo para a novela, pero xa me interesaba de antes. Porque hai unha serie de discursos, discursos femininos, que non forman parte do

“A linguaxe é tan poderosa que vale para poñer o mundo patas arriba”

“Deslumbrante.” Así calificou o xurado Herba Moura, a novela de Teresa Moure, gañadora do Xerais 2005. Un título, ademais, que ben pode servir para nos adentrar noutras obras da autora, como é o caso de As palabras de Eva que vén de saír do prelo.



NATALIA ÁLVAREZ

pensamento académico. E agora que a xente volve aos pensamentos alternativos, descóbrese que as avoas sempre tiveron na casa un coñecemento que non tiña nada que ver co do médico, que fora transmitido de xeración en xeración e que se remonta un pouco ás meigas ou até á alquimia medieval. As receitas de Hélène Jans están recreadas literariamente por min. Pero fun respectuosa cos usos principiais. Dos *Libros de muller*, como se chamaban na tradición hispánica, elixín aquelas plantas que foron usadas para tratar os chamados “males de muller”: a menstruación, os partos, ... pero tamén outras cousas. Supoñíase que as mulleres tiñan máis pálpitos, sensacións de que tal cousa ía suceder ou non, e para iso usaban tamén herbas. Ese achegamento coa natureza era importante para min, porque na dicotomía que fai o pensamento racionalista entre home e muller, tamén vai facer a dicotomía muller-natureza e home-cultura, e así asegurar a posición superior do home. En lugar de dicir, como dirían as feministas dos anos 70, que as mulleres tamén somos cultura, o que eu quería dicir era: “Vale, pois si somos natureza, e quen quere ser agora persoa cando nos negaron a alma tanto tempo?” Somos natureza e a moita honra. E imos ver como poetizan as mulleres esa natureza e para que lles serve. Á marxe de que os remedios valían ou non, está o feito de que, mentras Hélène escribe e está a facer esas receitas, está coidando dos seus. E esa ética dos coidados é algo que está na tradición da vida das mulleres, e que probablemente estamos perdendo. Fomos escravas das tarefas da casa, pero agora estamos intentando converternos tanto en varóns que parece que só sabemos quantar comida no microondas, que non queremos saber nada deses saberes. E eses sabe-



XOÁN ÁLVAREZ

Teresa Moure, gañadora do Premio Xerais de Novela 2005.

res son alternativos: saber cocinar, coidar, atender un parto, un enfermo,... É exactamente o contrario ao pensamento único.

- Moito se ten falado dese patchwork, desa polifonía de xéneros que vai tecendo na novela, unha forma de contar as cousas e que tamén caracteriza A palabra das fillas de Eva...

-Es a primeira persoa que me di isto, ao mellor porque *A palabra das fillas de Eva* está pasando máis desapercibida. E gústame que o destaques, porque é moi propio da miña forma de narrar. Cando falamos, utilizamos exemplos todo o tempo e cambiamos de rexistro. Porén, se comecemos a redactar un traballo,

unha novela, parece que ten que ir todo fiado. E paréceme un desafío mesturar todas as historias e saber que o receptor vai seguir o meu discurso no que, como fago cando falo, poño exemplos, ou intercalo cousas que se me van ocorrendo.

- Na novela, a Einés dinlle que o traballo académico ten uns requirimentos aos que hai que adaptarse. Cando escribías A palabra das fillas de Eva, atopaches alguén que che soltara este mesmo discurso?

-[Risos] Non, pero si que o atopei cando facía a miña propia tese doutoral. Un pouco, todos os que estamos no mundo académico temos sido vítimas disto,

de que che digan que hai un rego do que non podes saír. E iso lastra para producir ideas novas. No caso de Einés, esta era a única forma, sen caer no realismo máxico ou en mentiras, de traer ao século XXI a historia de Hélène e Christina. Alguén que está facendo a súa tese e encóntrase con Descartes vivo! Porque hai un pensamento que establece que é o que vale, e ti non podes sacar unha tese dicindo que, ao mellor, o racionalismo de Descartes está influído por esa vida sentimental tan de segunda que tiña, e que isto o sabes porque herdaches da túa bisavoa unha arca que procedía dunha amante de Descartes, porque che dirían que non se argumenta así. Así que a min parecía o mecanismo narrativo para traer a historia ao século XXI.

- Hai un fío que une as súas tres últimas obras, Outro idioma é posible, A palabra das fillas de Eva e Herba Moura, que é esa posibilidade de construímos un mundo novo a través dunha nova linguaxe. Imaxino que é unha idea que ten moito que ver co seu labor como profesora de lingüística...

-Así é. Eu intento convencer ás alumnas e aos alumnos de que non importa tanto o que coñezamos da linguaxe ou do signo lingüístico. Importa que este mecanismo é tan poderoso que non só vale para que nos vendan champús pola tele. Vale para poñer o mundo patas arriba, que é o que eu quero. Ás veces néganse a pensar que todo é linguaxe. E eu poño este exemplo: na linguaxe xuvenil é moi frecuente que as persoas se insulten con “es un maricón”. Non se están a referir aos comportamentos sexuais do interlocutor, en absoluto. A maior parte das veces están moi a favor da liberación do movemento gay. Porén, utilízano como insulto, como se ser maricón fose algo malo. Polo tanto, as persoas que o usan están perpetuando mediante a linguaxe unha diferenza na que, non obstante, xa non cren, e que, a pesar de todo, aínda manteñen. Así que creamos o mundo todo o tempo coa linguaxe. Por iso, o uso dunha linguaxe alternativa, reflexiva... coido que é a forma máis forte de tentar cambiar o mundo. De feito, digo cambiar o mundo para non dicir revolución, porque se digo revolución, inmediatamente se vai ver adscrito a determinadas medio-revolucións.